

BIBLIOTECA MUNICIPAL DE NEDA/
FACULTADE DE HUMANIDADES DA UDC.
VI XORNADAS LITERARIAS DO DIA DO LIBRO 2008.
DEDICADAS AO ESCRITOR WILLIAM FAULKNER.

PROGRAMA

Xoves 24 de Abril, hora 20:

- Apertura. Entrega de documentación e presentación: Alcalde de Neda, Ignacio Cabezón e Decano da Facultade de Humanidades da UDC, José Luis Tasset.
- Conferencia: Miguel Salas, libreiro e editor: *“A árbore dos desexos”, unha obra de Faulkner para nenos.*
- Conferencia: José Manuel Sande, do CGAI: *Faulkner e o cine.* Proxección de filmes.

Venres 25 de Abril, hora 20:

- 3 Conferencias/Coloquio: *As nosas lecturas de Faulkner.* Ramón Loureiro, escritor e xornalista, Ramón Pernas, escritor e xornalista, responsable do Ámbito Cultural de El Corte Inglés, Milagros Frías, escritora, editora.
- Actuación musical. Música do *deep south.*

Sábado 26 de Abril, hora 10:

- Conferencia: Xurxo Borrazás, escritor e tradutor de Faulkner ao galego: *A tradución de “O ruído e a furia”.*
- Conferencia: Ted Olson, da East Tennessee State University e da Universidade Autónoma de Barcelona.: *A influencia de Faulkner nos novos escritores.* (Patrocinado pola Comisión Fulbright).
- Pausa Café.
- *“Wellcome to Yoknapatawpha”*, ponencias dos/das alumnos/as do IES “Fernando Esquío”, de Neda.
- Lectura colectiva.
- Clausura.

Horas lectivas: 15.

Lugar de celebración: Casa da Cultura do Concello de Neda.

Algunhas das actividades repetiranse na Facultade de Humanidades, en data posterior, en horarios lectivos.

VI XORNADAS LITERARIAS WILLIAM FAULKNER.

INTRODUCCIÓN / PRESENTACIÓN

por Manuel Pérez Grueiro.

Señoras e señores, queridos amigas e amigos:

Abrimos hoxe as VI Xornadas Literarias para conmemorar o Día do Libro. Un ano máis entramos nas páxinas dun dos grandes, neste caso o escritor norteamericano William Faulkner, outro dos que deixan profunda pegada, tanto nos seus lectores, como en moitos creadores.

Desde que comezamos a organizar este evento, hai xa seis anos, propuxémonos como obxectivo principal chegar a un público amplo e xeral os obras consideradas topicamente como non fáciles de abordar.

Nesta ocasión, como en anteriores edicións, os nosos conferenciantes invitados levarán a cabo esta tarefa desde diversos puntos de vista, diferentes e ricos, cousa que redundará no noso beneficio como degustadores da lectura. Porque ¿cómo hai que enfrontarse a estes grandes textos? Varias son as opcións, e, sen dúbida, aquí serán expostas. Unha querida amiga e antiga compañeira de estudos, a profesora Estela Castelao, autora de varios traballos sobre Faulkner, di, entre outras cousas, nun artigo de análise sobre do conto titulado “Unha rosa para Emily”, do autor citado, o seguinte:

“Digamos, en primer lugar, algo que por obvio suele olvidarse. Para acceder a un mundo ficticio tan plagado de complejidades como el de Faulkner, es aconsejable comenzar por las obras más breves, sus cuentos”.

Pode ser unha das opcións. Pero con axuda dos nosos conferenciantes daremos algunhas máis. De xeito que, dende a novela, o cine, a música, o entorno vital, xeográfico e histórico do autor, coñezamos e abordemos con máis facilidade e máis profundamente a vida e a obra dun grande, --con todas as letras maiúsculas-- da literatura norteamericana e universal do pasado século XX.

Agardamos que todos gozaremos intensamente nestes tres días cargados de contidos literarios e, máis amplamente, culturais, e logo, con esta inmellorable axuda, collamos un libro de Faulkner e lle saquemos todo o que nos pode dar, que é moito.

Good evening, ladies and gentlemen, boys and girls: welcome to Yoknapatawpha, welcome to Neda. Today is a especial day for us.

En honor a nuestros invitados extranjeros, Ted, Rachel, Kathy, Bart (welcome twice), hemos iniciado este segundo día de Xornadas con unas palabras en inglés. Los españoles tienen fama de hablar mal otros idiomas, e incluso el propio.

Os galegos temos a sorte de poder falar dúas línguas, e incluso tres, co portugués, polo que non deberíamos ter dificultades para falar outros idiomas.

Neste segundo día dedicado a Faulkner, temos na mesa un póquer de ases: catro soberbios escritores, Xurxo Borrazás, Ramón Loureiro, Milagros Frías e Ramón Pernas, que entablarán un coloquio entre eles e co público, falando da súa visión e a súa relación con Faulkner.

E logo, como peche do día, para axudar a entender o ambiente faulkneriano, música de blues, con Julie Guravich e Javi Amor. Pero ademais, como un plus de agasallo, unha incorporación sorpresa a último momento ao programa: o profesor Olson, que intervira mañá sábado coa súa conferencia, hoxe deleitaranos interpretando ao banjo cancións do profundo sur norteamericano, folk da terra de Faulkner, se me permiten o xogo de palabras. Que o pasemos ben, que así será.

FAULKNER EN GALEGO

Xurxo Borrazás

Na primeira entrevista que me fixeron como escritor, cando publiquei *Cabeza de Chorlito*, mencionei a William Faulkner, e na última entrevista tamén.

A primeira obra que lle lin foi precisamente esta, tería eu dezoito anos e lina en tradución castelá, na edición de Bruguera, Libro amigo. *El Sonido y la Furia*. Nun tempo no que o número de textos estranxeiros verquidos ao galego era de 0,0 ao ano. Como vos cambiou o conto!

Creo que daquela non me enterei moi ben do que pasaba na novela. Impactoume, claro, sobre todo a primeira parte, a sección de Benjy, que era a máis “espectacular” textualmente falando.

No último ano da universidade volví a lela, agora obrigado e en inglés. Nese aspecto supuxo un esforzo, debo reconecer que tampouco moi exitoso, porque esixía moito coñecemento da lingua e sobre todo moita concentración (e a concentración nesas idades vai cara). Pero ao ser unha lectura obrigada xa tiven que disciplinarme un pouco, tentando volver a atopar o fío cando me desorientaba, e iso axudou a que disfrutase máis. Sobre todo... da segunda parte, a sección de Quentin (casualmente un mozo que estaba na universidade).

Tamén lin daquela **As I Lay Dying**, Mentres agonizo, que creo que me gustou máis. Era máis fácil de entender e tecnicamente era abraiante, con capítulos curtos que narraban os feitos desde múltiples puntos de vista. Se non a lestes, é algo semellante ao que se fai en “Los Santos Inocentes”, unha semellanza que eu creo que non é casual. Pensade na película. Os capítulos da novela levan o nome do personaxe que focaliza a narración e, se lembrades, na película tamén aparece na pantalla o nome de cada quen cando a acción xira en torno a ese personaxe. Ata o xogo co tempo é similar. Ou a paisaxe inhóspita.

Eu tamén quixen escribir unha novela así, mestura do **Ruído e a Furia** e de **Mentres agonizo**. E de aí saíu **Criminal**. Sempre o digo cando falo dese libro. A idea xurdiu dun intento de imitar a Faulkner, antes que a historia, ou polo menos simultaneamente, tiña iso moi claro. Quería narrar uns feitos, os mesmos feitos, desde múltiples puntos de vista; na aldea, cunhas relacións familiares asfixiantes. Pero sobre todo ver como afectaba ao relato o feito de que a mesma acción fose vista repetidamente por personaxes diversos, como afectaba iso ao decorrer do tempo, como influía iso na lectura. Por querer, eu mesmo quixen ir máis alá que Faulkner: que el incluía tantos ángulos de visión, pois eu máis. Que no seu libro falaba un tontiño, pois no meu tamén. E ademais falaba un can.

Por iso, cando Galaxia me propuxo traducir **O Ruído e a Furia**, imaxinádevos. Está ben, dixen, imos deixarnos de imitacións. Agora vou ser o propio Faulkner, coma o Pierre Menard de Borges, que decide escribir o Quixote coas mesmas palabras, e aínda así ser novidoso, rastrexar e explorar as influencias da copia sobre o orixinal, ou polo menos, ver como o tempo presente condiciona unha obra escrita no pasado, cómo unha lectura persoal matiza un texto alleo. De feito, iso é o que fai calquera de nós ao ler calquera texto, iso é o que faredes vós cando leades a tradución que eu fixen.

A diferenza entre simplemente ler e traducir é unha diferenza de intensidade. Asemade, o traductor debe optar continuamente, debe tomar decisións e responsabilizarse delas porque vai producir un texto novo. Nese sentido, polo menos durante a fase de traballo, o labor do traductor é máis frustrante que o do lector. O lector, ou a lectora, nunha pasaxe ambigua ou difícil pode percibir as diferentes posibilidades e manexalas simultaneamente. O traductor ten que discriminar, deixar fóra todas as posibilidades, excepto unha. Ás veces será posíbel dar cunha versión que manteña parte da riqueza, pero outras veces non vai ser doado, hai que conformarse coa opción menos reduccionista. Pierre Menard dera coa solución, reproducir o orixinal, pero eu intuía que ao meu editor non lle parecería unha solución satisfactoria.

Tanto respecto sentía polo texto de Faulkner, tanta ilusión me podía facer, que nese sentido non había ninguén máis indicado para facer o traballo. Facíame tanta ilusión que o primeiro que fixen cando mo propuxeron foi dicir que non. Prefería seguir sendo un lector feliz, non ser eu o que profanase a riqueza do orixinal e a reducise a un texto máis simple.

Busquei escusas para non facelo, como por exemplo que preferiría traducir outra obra, **Mentres agonizo**, incluso algúns relatos. Pero a editorial, con bo criterio, o que quería era traducir o clásico.

Na casa folleei o libro e cando lía a sección de Benjy, o retrasado, que ademais era mudo, pensei que era imposíbel. Non que fose imposíbel, imposíbel non era, mais “nunca” ía quedar satisfeito. Os textos de Faulkner son descarnados, pero escritos cunha linguaxe moi poética, o que os fai máis complexos. Para os propios lectores que teñen o inglés como lingua nativa esixen un esforzo considerábel, xa non de orientación, senón de comprensión. Son textos con moitos rexistros, sociais e dialectais, mesmo de raza. O máis honrado sería renderse. A conclusión era que quería facelo, pero non me atrevía.

Ao comentalo na casa a muller dixo: se agora traduces, se che ofrecen un texto que che gusta, se dis que querías imitar a Faulkner, como vas negarte? Non digas parvadas. Pero os meus receos non eran ameazas, de feito tiña antecedentes. Uns anos antes renunciara a traducir a narración máis importante do século XX, que tamén mo propuxeran. Así que agora dixeran. Veña logo, desta non queda.

Por que me propoñían a tradución a min? Por que non lla propoñían a un traductor profesional? Porque se buscaba a tradución dun escritor, supuxen. Sabendo que non ía haber unha tradución perfecta o que se buscaba era unha versión creativa. Por iso, o xeito de enfocar o traballo tiña que pasar... primeiro... por non aspirar á fidelidade literal. E segundo, manter o impulso e os efectos que causaba a lectura da novela, non como documento histórico, non como a institución que é todo clásico, unha novela que hai que ler porque forma parte indiscutíbel de calquera canon literario do século XX, senón como un texto literario vivo.

Os escritores sabemos que o que distingue un texto literario de calidade doutro que non o é radica precisamente na linguaxe, máis que na historia ou nos personaxes. E en segundo lugar na arquitectura narrativa, na estrutura e no manexo do tempo. Estes dous aspectos: a linguaxe e a arquitectura, concentraban precisamente os maiores logros da novela de Faulkner.

Agora a cuestión era, estaba eu disposto a afrontar o risco? a tratar ao meu ídolo como a un igual? Non só con cautela senón con atrevemento? ... E como aos escritores o que non nos falta é vaidade, dixeran que si. “Para cando?” preguntei (era a finais de xaneiro). “Para setembro”. “De que ano?” “De que ano vai ser? Deste”. Imposíbel. Pero acababa de entregar o texto do libro que saíu en maio, **Arte e parte**, e tiña aí un oco. Mellor momento non había.

A tradución é un traballo tan absorbente, e tan duro, que un non está para máis. Cando nos damos conta férvenos a cabeza e non podemos endereitar a columna. Pois así foron eses meses. A miña muller arrepenhiuse de terme animado. Como di o propio Faulkner nunha introducción, que na nosa edición se inclúe ao final da novela: “Escribir este libro...” eu diría “traducir este libro...” foi para min como aprender a ler, coma se me achegase á linguaxe, ás palabras, co mesmo respecto e coidado de quen se achega á dinamita”. Iso é o que podedes ler na contracuberta. Na introducción a cita segue: “ou coma quen se aproxima ás mulleres, con ledicia, se cadra coas mesmas intencións secretas e faltas de escrúpulos.”

Daquela non era moi consciente de que... o que ía ter que traducir, non era un libro, senón cinco. Que en cada unha das catro partes, e no Apéndice Compson, que tamén se inclúe, ía ter que cambiar de chip e reformular moitos dos criterios cos que partía.

Faulkner falou e escribiu arreo da tensión do autor e do aspecto polifónico do texto, sinal de que lle daba moita importancia. “O artista”, dixo nunha ocasión, “se é un bo artista, será completamente despiadado. Ten un soño, e ese soño angústiao de tal maneira que ten que ceibarse del, ata ese momento non vai ter paz. E para conseguilo bótao todo pola borda: o orgullo, a decencia, a honra, a seguridade, a felicidade; todo, con tal de escribir o libro. Un artista é completamente amoral e se ten que roubarlle a súa nai, non dubidará en facelo.”

Nese sentido afirmou tamén que as diferentes partes desta novela obedeceron ao impulso de comprender e de ceibarse do soño do que partiran: a imaxe dunha nena coas cirolas luxadas de lama, a gabear por unha pereira arriba á noite, para desde alí ollar o velorio da avoa a través dunha ventá da casa, mentres os seus irmáns lle pedían explicacións desde abaixo.

A partir de aí escribiu a sección de Benjy, e deuse conta que non contara a historia que quería contar, o soño seguía alí. Entón escribiu a sección de Quentin, pero o soño seguía alí. Escribiu a de Jason, e o soño seguía alí. Como el mesmo dixo: “deixou que Faulkner o tentase”, escribindo a cuarta sección, que, polo menos formalmente, non responde á visión de ningún dos personaxes senón que é unha narración máis distanciada, máis clásica, coa que, nas súas palabras, “tratou de reunir os fragmentos e de encher as lagoas”. Pero tampouco resultou.

A novela publicouse así, pero el volveu a retomar os personaxes en distintos relatos, e case vinte anos despois de escribila publicou o apéndice. Foi aí cando á fin conseguiu sacar o soño da cabeza, malia recoñecer que nunca dera contado ben a historia, e que nunca deixara de tentalo.

Ese carácter de obra en construción, en movemento, a sensación de que nunca vai estar rematada ou que pode rematar en calquera momento, é en parte o que fai d’O Ruído e a Furia unha obra mestra. Ten a forza da fragilidade que resiste.

Con todo, hai que dicir que Faulkner era consciente do seu valor, xa antes da publicación. Nunha carta ao editor, previa a enviarlle o manuscrito, díciulle: “Escribín O libro. Creo que é o mellor puto libro que se vai publicar en todo o ano.” A outro editor entregoulle o sobre co manuscrito e díxolle: “Le isto. É un auténtico fillo de puta. O mellor que vou escribir en toda a vida.”

O tipo era inseguro, e insatisfeito, pero non parvo.

Ben. Non imos debullar aquí as dificultades todas que podemos atopar ao ler, e polo tanto ao traducir, esta novela. Non vén a conto. O ideal é que os lectores, coma os espectadores no cine ou os comensais nun restaurante, poidan gozar unicamente do produto final que se lles ofrece. Ademais, falar dos aspectos técnicos parece que pode estragar a maxia. Pero sempre hai “viciosos” que queren saber máis, eu son un deles. Imos por tanto dar uns apontamentos sobre a novela e as súas cinco caras.

Da primeira, a sección de Benjy, o retrasado, di o propio autor que “alí está xa toda a historia. Non tentei facela escura deliberadamente, pero tampouco a escribín para ser publicada. Cando vin que si, que podía publicarse, dediquei tres seccións máis, todas máis longas que a de Benjy, a tentar aclarar as dúbidas”. Tamén di que esta primeira parte “lle aprendeu a escribir e a ler,” a comprender como funcionaban eses procesos. Por iso, se a escribise máis tarde, faríaa distinta.

Cales son esas zonas de sombra?

Pois por exemplo, na correspondencia co editor, Faulkner sinala “oito” momentos temporais distintos, repartidos en tres décadas. E son, dille ao editor, “os que lembra sen pararse moito”. As seccións levan como título unha data pero, no caso da primeira, parece unha ironía ou unha broma do autor, porque no corpo do texto non se vai avisando: 1910, 1928, cando morre avoa, canda casa Caddy, tres anos despois... Non se di nada, o texto son as asociacións mentais e afectivas dun diminuído psíquico. Como se resolve iso? Non se resolve. Ou vaise resolvendo parcialmente nas seccións seguintes. Na primeira parte o autor danos só unhas cantas pezas do puzzle, é comprensíbel que nos desesperemos, e é inútil que tentemos montalo enteiro. Faltan pezas.

Ao comezo vemos nomes pero non sabemos quen é quen, hai veces que un nome actúa en épocas distintas e non sabemos se é neno ou adulto. Cando Benjy chora e Luster, un dos nenos negros que o coidan, lle di: “Por moito que os busque non van aparecer, xa non están”, nós aínda non sabemos que se refire aos xenitais de Benjy.

A linguaxe de Benjy debemos tamén descifrala, aínda que non presenta moitas dificultades: Hai veces que di: “marchei”, e iso significa que pechou os ollos, ou que ao

moverse deixou de verse nun espello. Ou di: “oñamos o tellado”, e quere dicir que chovía.

O propio Faulkner recoñecíalle ao editor que esta parte era esixente, sobre todo no que respectaba ao tempo, pero quería así. A opción de orientación que el imaxinara era a de empregar tinta de diferentes cores no texto, unha opción que os editores non aceptarían nin hoxe, e que sería igual de confusa, pensade nas cores que emprega Tráfico para falar do nivel de conxestión nas estradas, non hai quen se aclare.

O asunto resolvérono, ou mellor... zanzárono, malamente. Nunha carta Faulkner agradece ironicamente as comas extra que o corrector lle engade ao texto, pero avísalle de que non as precisa. Á fin optouse polas cursivas e os espazos brancos, que cando menos poñen alerta ao lector: alí hai un cambio de tempo ou de perspectiva. A Faulkner tampouco lle gustou a solución porque esas rupturas anulaban o efecto de continuo narrativo: “as asociacións caóticas debían limitarse á mente de Benjy, non transferirse á mente do lector”.

Para darlle un pouco máis de salsa á cousa, cando se fala de Jason poden ser dúas persoas, o pai da familia e un dos fillos. Cando se fala de Maury pode ser o irmán da nai ou o propio Benjy, ao que nun momento lle cambiaron o nome. E cando se fala de Quentin pode ser outro dos irmáns, home, ou a “filla” que anos despois ten Caddy, que no comezo apenas aparece, pero logo convírtese en protagonista.

Son sesenta páxinas que, contra o que poida pensarse, non son de sufrimento. Son esixentes e apréndennos a ler, a ler o resto da novela e a entrar nun concepto de tempo que ten que ver máis coa memoria e co esquecemento que cos reloxos, un tempo guiado polos afectos, e polo tanto non uniforme. Eu creo que este é o maior achado estilístico da novela, e en xeral da novelística daqueles anos, de Proust, de Virginia Woolf ou de Joyce. Do que se deu en chamar “o fluír da conciencia” e que supuxo a renovación radical da narrativa realista. Para un lector preguiceiro si pode supoñer un atranco, pero Faulkner non quería un lector preguiceiro.

Proba dilo é a segunda sección, narrada en primeira persoa por Quentin cando vai estudar a Harvard. Os cortes temporais aquí redúcense practicamente a dous, o lector pode simplificalo así: o día que lle dá nome ao capítulo, dous de xuño de 1910, e a época en torno á voda da irmá, Caddy. Sen embargo é a parte do libro máis difícil de traducir, e sería tamén de ler, se non fose porque xa a primeira parte, mirade o que son as cousas, nos axudou a desbrozar a maleza. Cando menos proporcionounos a machada e aprendeunos a usala.

A dificultade agora é dobre. En primeiro lugar, o “fluxo da conciencia” implica que a persoa que fala, ou pensa, non narra para unha audiencia, non pretende extraer significado dos acontecementos, ordenalos e facelos comprensibles. Limitase a reproducir os procesos de asociación e de atención da mente. Somos nós os que temos que dotar de sentido a esas impresións. En segundo lugar, esta arma narrativa tan perigosa, aquí déixase nas mans dun esquizofrénico, ou polo menos dun rapaz obsesivo e inestábel, e iso xa imaxinades as consecuencias que ten. Especialmente para o traductor.

Diciamos que o tempo era o continuo narrativo, pero Quentin está obsesionado cos reloxos, de aí vén parte da súa neurose. E quen se obsesiona cos reloxos adoita tamén obsesionarse coa orde, co control, esfórzanse por lograr que a realidade sexa previsíbel e que coincida coa imaxe que se fan dela. Unha guerra perdida que condena a quen a libra a pecharse en si e a autodestruírse.

A sección de Benjy era difícil por simple de máis, por esquemática, como armar un crebacabezas ao que lle faltan pezas. Máis ou menos un acaba vendo a imaxe. Pola

contra, Quentin, quere armar unha imaxe ideal con pezas de crebacabezas diferentes. E o que rompe é el.

Neste sentido, se se di que unha das trazas máis constantes e definatorias da literatura do século XX, en xeral da arte contemporánea, é o fragmentarismo, resulta difícil atopar un exemplo onde o fragmentarismo teña máis sentido e estea posto con maior acerto ao servizo da historia e a narración que n' *O Ruído e a Furia*.

Hai uns meses escoiteille dicir a Ken Follet que os personaxes febles non lle interesan a ninguén, que a xente o quere é personaxes fortes. Pois Quentin é un dos personaxes máis febles que eu coñezo. A Ken Follet non lle interesaría nada. A min paréceme estarrecedor. Tanto esta sección como a de Benjy fixeron máis por renovar a prosa literaria que os dez libros máis vendidos dos últimos trinta anos, incluído Ken Follet. Ademais era a miña sección favorita, ata que agora relín a terceira.

En narrativa son as historias as que nos atrapan. A técnica abráianos, e tamén pode atraparnos, pero o que nos emociona son os personaxes. E na terceira parte aparece un personaxe que (aínda vai ter razón Ken Follet) se non é forte, polo menos é macarra. Trátase de Jason, o irmán máis novo. Un personaxe que ata este momento fora secundario e que é tan malvado que resulta imposíbel empatizar con el. Pero a persoa máis ruín pode converterse no personaxe máis logrado, son planos distintos. Outro tanto acontece coa atormentada nai dos nenos, que salta agora a primeiro plano, e coa relación de odio e necesidade que se establece entre ambos. O autor non aporta descripcións deles, os personaxes defínense pola súa acción ou a súa inacción, igual que Quentin, a filla de Caddie, outro personaxe feble e atrapado polas circunstancias.

Esta sección dálle un xiro á novela e podemos dicir que serve, como Faulkner pretendía, para atar cabos. Nela chega a recompensa para os lectores que superaron as dúas anteriores, e chega en forma de carraxe e brutalidade.

A narración é máis lineal pero xa está tinguida polas precedentes, das que é consecuencia e ás que nos retrotrae constantemente. Lida illadamente sería altísima literatura, lida tras as outras dúas é desgarradora, coma unha mancha de sangue que vai enchoupando todo o libro, e as nosas mans. Ademais é máis fácil de traducir: só hai que meterse na mente deste home aterrador e da súa nai posesiva. Para non deixarse superar, ao traductor abóndalle con ser tan malo coma eles, ou máis.

A cuarta parte é a única cun narrador en terceira persoa, a que o autor dixo incluír para reunir os fragmentos e encher as lagoas. É lóxico entón que o seu personaxe central sexa Dilsey, a criada negra, que ao longo de toda a novela funcionou coma o cemento que termaba do edificio familiar e das relacións tráxicas entre os seus membros, a que impedía que todo esboroase.

O narrador obxectivo axúdanos a distanciarnos da historia, a ceibarnos do pesadelo. Ábrese o plano e permítenos ver a irrelevancia de calquera ser humano, por moi tráxico que sexa, cando as vidas concretas se dilúen e a achanzadora do tempo vai borrando as pegadas que criamos máis indelebeis.

A carencia da ansia por distinguirse como individuo, unha ansia que aferrollaba ao resto dos personaxes, é a que salva a Dilsey. A existencia humana só ten sentido cos outros, non individualmente. O amor e a bondade son as únicas vías para resistir a presenza da morte. Unhas vías que ao resto dos personaxes lles foron vedadas pola relixión, a cultura, as presións sociais ou económicas, todo canto nos conduce a un individualismo baleiro e sen saída.

A cuarta parte é desoladora. Péchanse as feridas pero quedan as cicatrices. Por iso Faulkner non descansou ata que en 1945 escribiu o Apéndice Compson, unha especie de xenealoxía familiar que parte do ano 1699, de Escocia e dos nativos americanos. O

apéndice abre aínda máis o plano e completa a peripecia dalgúns personaxes, por exemplo Caddy ou Jason. Noutros, polo que respecta á historia, sería prescindíbel. Sen embargo é unha xoia literaria en si. Léovos un anaco:

“JASON LYCURGUS. Quen, empurrado quizais pola compulsión do nome extravagante que lle fora outorgado por un pai indómito, amargado, sardónico e pata de pau, que se cadra seguía a crer con toda a alma que o que quería ser era un mestre de escola dos clásicos, un día de 1811 cabalgou ata Natchez Trace cun par de boas pistolas e unhas alforxas exiguas, a lombos dunha egua miúda e de cintura fina, pero de patas fortes, que facía os primeiros catrocentos metros en menos de medio minuto, sen discusión, e os seguintes catrocentos en non moito máis, pero aí acababa a cousa. E máis era abondo. Quen chegou á Concesión dos Chickasaw (que en 1860 aínda se coñecía como a Antiga Jefferson) e non pasou de alí. Quen en seis meses se convertera no empregado do Concesionario e en doce no seu socio...”

A primeira oración é unha subordinada e ocupa dez liñas, e o segundo “Quen” remítenos ao encabezamento do personaxe, coma se non houberse todo ese espazo no medio. Máis adiante lese:

“o ano seguinte era Ikkemotubbe o propietario da egua miúda e Compson posuía a milla cadrada de terra que un día ía estar no centro da vila de Jefferson, daquela arborada, arborada aínda vinte anos despois, pero entón xa máis parque ca bosque, coas casoupas dos escravos, e as cortes, as hortas, os polígonos do césped, os paseos e pavillóns deseñados polo mesmo arquitecto que construíra o edificio do pórtico de columnas traídas no vapor desde Francia e Nova Orleans, pero malia todo a mesma milla cadrada intacta de 1840.” Seguimos na primeira oración, e ábrese unha paréntese: “a mesma milla de 1840 (non só coa aldeíña branca chamada Jefferson comezando a rodeala, senón todo un condado branco a piques de rodeala porque nuns cantos anos os descendentes e o pobo de Ikkemotubbe desapareceran, e os que quedaran vivían non coma guerreiros e cazadores senón coma os brancos: labregos lacazáns ou, aquí e acolá, donos do que tamén eles chamaban plantacións e propietarios de escravos lacazáns, un chisco máis sucios que os brancos, un chisco máis lacazáns, un chisco máis crueis; ata que mesmo o seu propio sangue bravo desapareceu, e só se apreciaba na forma do nariz dun negro sobre un carro de algodón, ou na man dun obreiro branco nun aserradeiro, ou nun trampeiro furtivo ou un fogoneiro de locomotora),”

péchase a paréntese de doce liñas e continúa a frase anterior: “coñecida entón como a finca dos Compson,” refírese á milla de 1840, a de antes da paréntese, e segue “que agora estaba lista para criar príncipes, estadistas, xenerais e bispos, para vingar aos Compson desafiuzados de Culloden, Carolina e Kentucky, daquela coñecida,” non Carolina nin Kentucky, senón a mesma milla de terra de 1840, “...como a Casa do Gobernador porque é certo que co tempo” etc etc. “O xeneral de brigada Jason Lycurgus II, que fracasou en Shiloh no ‘62 e volveu fracasar, aínda que non tan penosamente, en Resaca no ‘64, que estableceu a primeira hipoteca sobre a milla cadrada todavía intacta cun politicastro do Norte no ‘66, despois de que a vila vella fose incendiada polo Xeneral Federal Smith e a viliña nova, que co tempo ía ser repoboada sobre todo por descendentes non dos Compson senón dos Snope, comezara a asediala e a rillarlle anacos mentres o Xeneral de Brigada fracasado pasaba os seguintes corenta anos vendendo parcelas para manter a hipoteca sobre o resto: ata que un día de 1900 morreu tranquilamente nun catre militar do campamento de caza e pesca no fondo do río Tallahatchie, onde pasaba os máis dos seus últimos días.”

Pasamos do fragmentarismo e as frases cortadas a isto. Vedes por qué dicía que eran cinco libros. En ocasións o suxeito e o predicado están separados por dez liñas. O autor ponse a ensarillar oracións subordinadas ou xustapostas durante páxinas enteiras, con referencias a pasado e futuro e digresións a dito. Entre nós, Cunqueiro fixo algo semellante no remate do Merlín e Familia ou nas Crónicas do Sochantre, aínda que non tan ambicioso.

O Apéndice en realidade é a traca final dos fogos de artificio, e péchase cos tres estralos dos negros.

As partes da novela pódense facer corresponder coas fases da vida: a de Benjy é a infancia e o misterio, a de Quentin é a xuventude atormentada, a de Jason a rudeza do mundo adulto e a de Dilsey a desolación da senectude. Ata aquí o soño que perseguía a Faulkner. O apéndice son as flores que se depositan na tumba. Máis nada.

William Faulkner Festival

Neda, Galicia, 26 de Abril de 2008

FAULKNER: UNA VIDA AISLADA Y UNA GRAN INFLUENCIA PUBLICA

Rachel L. Basse

Introducción

Buenos días a todos. Estoy muy emocionada de estar aquí hoy para hablar con vosotros de uno de mis autores preferidos, William Faulkner, como representante de la Embajada de los Estados Unidos de América. Muchas gracias por invitarme. Cuando la Embajada me avisó de vuestras Jornadas sobre William Faulkner, me sorprendí mucho, porque aunque Faulkner está bien estudiado en las universidades de los Estados Unidos, no sabía que era un escritor tan famoso internacionalmente.

La verdad es que aunque es muy conocido en mi país, las obras de Faulkner son algunas de las más difíciles de leer-- también para mí, como estudiante graduada de Literatura Americana. Pensaba que sería casi imposible hacer una traducción al español de sus novelas, y mucho más difícil leerlas, porque no son su versión original.

Quiero hablar más con vosotros de *la vida de Faulkner y de su papel en la literatura americana de los años 20*, el tiempo de “La Generación Perdida” o “The Lost Generation.” Luego, continuaré con *su estilo literario* en una de sus novelas más famosas, “El Ruido y La Furia.”

Además, explicaré el gran papel de Faulkner en la literatura Hispano- Americana en los años 30. Fue responsable de un movimiento para incluir obras Hispanas desconocidas en Estados Unidos y hacerlas más famosas. Terminaré con un resumen breve de su papel en la literatura de hoy.

Biografía

Para empezar, William Faulkner era un escritor extremadamente apasionante. En una entrevista con “The Paris Review,” dijo:

“La única responsabilidad para el escritor es su arte. El podrá ser completamente despiadado si es un escritor bueno. Tiene un sueño. Le da mucha pena que tiene que quitar el sueño, y hasta este minuto, no tiene paz. Todo desaparece: su honor, valor, seguridad, felicidad, todo, mientras que está escribiendo el libro. Si un escritor tiene que robar a su madre, el no vacilara de hacerlo. Al final... la poesía tiene mas valor que cien señoras ancianas!”

Faulkner tenía una obsesión por mantener una vida completamente privada para escribir sus apasionantes libros, incluso después de empezar a ser más famoso y que el público tuviera más interés en sus libros. El ejemplo más profundo fue cuando Faulkner ganó el Premio Nobel, en el año 1954 por su contribución única a la literatura, pero no quería irse a Estocolmo, en Suecia, para aceptarlo.

El gobierno de los Estados Unidos de América tuvo que rogarle, pero al final aceptó el Nobel y además visitó una serie de países en Europa, Asia y Sudamérica como Representante Goodwill de su país. Aprenderemos luego porqué sus viajes a Sudamérica tuvieron un afecto profundo para los autores Hispano- Americanos.

Le molestaba mucho a Faulkner ser conocido. Prefería vivir una vida aislada en su casa, que se llama Rowan Oak y era su santuario en su estado de Mississippi, que está en el Sur de los Estados Unidos. El sur de mi país tiene una historia muy complicada que fascinaba a Faulkner. Después de la Guerra Civil, que terminó en 1865, veinte años antes de su nacimiento, estaba prohibido tener esclavos negros trabajando en las casas y en las granjas.

Antes era muy común para las familias aristocráticas vivir en una mansión con una plantación, donde trabajaban los esclavos. Después del final de la Guerra, los sentimientos de la gente del Sur se dividieron: algunos apoyaban la libertad de los esclavos, pero algunos continuaban defendiendo el derecho a mantener la esclavitud. Había muchos sentimientos racistas, algunos de los que todavía existen hoy en día, con grupos como el Ku Klux Klan.

El racismo es un tema muy poderoso en la literatura de Faulkner y además, la cultura del sur, que es muy única y diferente de la cultura del resto del país. La manera de hablar, la vida simple, la forma de ser, Faulkner intentaba capturar todo en sus obras escritas y además, la división entre la gente blanca y negra.

Es verdad que la región del Sur de los Estados Unidos es el tema más presente en sus novelas. Faulkner vivió la mayoría de su vida allí. El pueblo que se llama Oxford Mississippi, en Lafayette County, es el modelo de su pueblo ficticio Yok-napa-taw-pha County, que es el escenario de la mayoría de sus obras de ficción. Faulkner basaba la mayoría de los eventos de su ficción en su propia vida, una cosa increíble, porque quería una vida completamente privada. Podemos ver un poco de Faulkner en sus personajes principales, que son gente que parecen muy simples, pero debajo de todo son más inteligentes y complejos de lo que imaginamos.

La inteligencia de Faulkner empezó ser más conocida en el mundo después de publicar su primer libro: **La Paga de Los Soldados**, en 1925. En este momento, el público se fascina con su estilo gótico, oscuro, moderno y experimental. En los años siguientes, publicó sus mejores obras, incluyendo **El Ruido y La Furia**, **Sartoris**, **Luz de Agosto**, **Absalon! Absalon!** y **Desciende, Moisés**. Por su literatura, ganó dos premios Pulitzer y el premio Nobel.

Los turistas iban a Mississippi para ver su casa aislada de Rowan Oak, y la gente del pueblo empezó a criticarle. Dijeron que en su primera novela no representó bien el pueblo de Oxford y que daba una imagen falsa. Además, no les gustaba mucho que muchos turistas venían a ver a Faulkner y a su casa. Esto frustraba mucho a Faulkner, que sólo quería vivir una vida privada en su casa aislada, escribiendo con toda su fuerza y pasión. No le gustaba mucho ser el centro de la vida pública. Hubo dos artículos escritos sobre Faulkner diciendo más cosas de su vida privada, en 1953, y además un libro que se llama “The Portable Faulkner” que dice todo del “hombre detrás del mito”. Esto era una pesadilla para el escritor, y al final, tuvo que irse a una clínica para recuperarse de una crisis nerviosa.

Otro tema importante para Faulkner era la familia. A través de sus novelas, vemos la tradición de la familia en el Sur, que es una cosa indestructible. Le influye mucho su bisabuelo, el Coronel William Clark Falkner, que participó en la guerra civil y era un héroe. Faulkner basaba muchos personajes en él: Le influyó mucho su familia.

Antes que ser escritor, en 1915, Faulkner intentó entrar en el ejército de los Estados Unidos para luchar en la primera guerra mundial, quizás porque sentía admiración por su bisabuelo. No le permitieron entrar en el servicio militar por su altura (porque era muy bajo), y entonces, fue a luchar con el ejército de Canadá. Aunque nunca entró en ninguna batalla, Faulkner estaba muy orgulloso de su papel militar. En este momento, nadie sabe porqué, pero cambió su nombre, incorporando la “u” que vemos hoy en su apellido. Se dice que era porque quería que su nombre pareciera más británico, pero nadie sabe la razón en realidad. Además, en este momento, se casó con su mujer, y continuó junto a ella por muchos años, escribiendo sus obras más famosas.

Aunque Faulkner tenía una obsesión con su literatura experimental, también quiso ganar mucho dinero. Durante estos años, unos miembros de “La Generación Perdida” (o “The Lost Generation”), como F. Scott Fitzgerald y Ernest Hemingway, empezaron a irse a Hollywood para escribir guiones de películas. Los escritores de La Generación Perdida siempre quisieron ser mejores que los escritores de la generación pasada y además, todos tuvieron un papel en la primera guerra mundial.

Al final de su carrera, vivió trece meses en Hollywood, en los años 30. Faulkner escribió el guion de dos películas de Howard Hawks (*To Have and Have Not* y *The Big Sleep*), un director muy famoso, y trabajaba con actores como Lauren Bacall y Humphrey Bogart. Además, tenía una amante en Hollywood que se llamaba Meta Carpenter.

Muchos años después, en los años 90, los hermanos Coen escribieron una película que se llama *Barton Fink*, con dos personajes que representaban a William Faulkner y su compañero F. Scott Fitzgerald, el autor de *El Gran Gatsby*. En la película, el personaje que representa Faulkner es un borracho. Se dice que el autor tuvo problemas con el alcohol toda su vida, y al final, él respondió diciendo que nunca bebía para ayudar con escribir sus novelas...pero en realidad, era una cosa que hacía después de terminar una novela, a lo mejor para escaparse del mundo que construyó mientras que escribir.

No sabemos si era alcohólico o no era alcohólico, pero sabemos por cierto que era un genio de literatura. Unos años después, aceptó el Premio Nobel.

Estilo Escrito: El Ruido y La Furia

La primera novela de Faulkner que leí fue “El Ruido y la Furia”, hace cuatro años, para una clase de Literatura Americana del Siglo 20. Leí el primer párrafo, que dice así:

“A través de la cerca, entre los espacios de flores ensortijadas, los veía pegar. Iban acercándose hacia donde estaba la bandera y yo los seguía desde la cerca. Luster estaba buscando entre la hierba junto al árbol de las flores. Sacaron la bandera y pegaron. Luego, volvieron a meter la bandera y fueron hasta la mesa y uno pego y el otro pego. Luego, siguieron y yo fui junto a la cerca y ellos se pararon y nosotros nos paramos y yo mire a través de la cerca mientras Luster buscaba entre la hierba.”

-El Ruido y la Furia, William Faulkner, 1929

